



Un limpacús real

Romero, Pilar

OQO

Materia: INFANTIL: DE 3 A 4 AÑOS

Colección: COLECCION O

Encuadernación: TAPA DURA

PVP: 15.90 €

EAN: 9788498717853

Páginas: 40

Tamaño: 250x230 mm.



Sinopsis

Por orde real, convócase no palacio a quen queira ser limpacús oficial do cu do rei que acaba de nacer.

Presentáronse tantos candidatos que a ringleira daba cinco voltas ao palacio. Aínda que as probas non eran doadas!

Este álbum constitúe un recordatorio dun antigo oficio que afunde as súas raíces nun pasado inxusto, no que os nobres oprimían e explotaban a plebe.

Ben podería ser este testemuño a representación do que ocorre en sociedades nas que o abuso de poder continúa vixente.

Para entender a necesidade de xustiza e igualdade, interézanos que a historia non sexa borrada.

Cun punto de vista lúdico, divertido, pícaro e case nas marxes do “politicamente correcto”, o álbum xoga intelixentemente con imaxes e palabras, e coloca o lector diante de situacións grotescas, sen dicirlle o que ten que pensar, pero ofrecéndolle unha mirada sen prexuízos, que abre significados.

Nesta historia non hai rebelión; os asoballados asumen con dignidade e orgullo as condicións da súa clase. Será o lector quen saque conclusións.

Chiscadelas históricas tamén a personaxes como María Castaña ou outros que, sutilmente, poden recoñecerse nas magníficas ilustracións de ROGER OLMOS.

Libros necesarios para cambiar o mundo; sentir a inxustiza para impulsar a xustiza e entender a tan necesaria loita polos nosos dereitos.